

# ruta das tapas 5 estrelas

---

Dende o Concellaría de Promoción Económica, en colaboración co Festival Internacional de Curtametraxes de Bueu (FICBUEU), estamos organizando a 3ª edición da ruta "Tapas 5 estrelas" e por iso convidamos a todos os establecementos hostaleiros a participar.

Ao igual que en outras ocasións, os participantes poderán obter un cupón con cinco estrelas en calquera dos establecementos, onde se irán selando cada unha delas por cada tapa consumida. Os/as que completen os cinco selos, sendo todos eles de distintos establecementos, entrarán no sorteo dunha cea para dúas persoas nun dos locais participantes.

Somos conscientes das dificultades de axenda no verán para a hostalaría, polo que pretendemos ter pechado xa antes da tempada a ruta.

Para anotarse poderedes facelo por correo electrónico en [silvia@concellodebueu.gal](mailto:silvia@concellodebueu.gal) , no teléfono 986390029 ou ben de xeito presencial no Concello de Bueu.

Debido a motivos de imprenta o prazo límite para a inscrición é inamovible.

## *Información para a participación*

---

### DATAS:

Do venres 07 de setembro ao domingo 16 de setembro

### PARA PARTICIPAR:

Elaborar unha tapa cun nome relacionado co mundo do cine, dunha película, dunha curta... E cumprir os prazos establecidos .

Para a inscrición os locais terán que aportar 15 vales, por valor dunha tapa, á organización do festival, que esta repartira entre os cineastas presentes no FICBUEU. A organización pola súa banda farase cargo dos premios do sorteo da ruta.

O evento "Tapas 5 estrelas" fará promoción dunha soa tapa pero o establecemento pode ofrecer máis de querele.

### CALENDARIO:

MARTES 03/04/2018: APERTURA DO PRAZO DE INSCRICIÓN

LUNS 16/04/2018: DATA LÍMITE PARA A INSCRICIÓN, INDICACIÓN DE HORARIO E **NOME DA TAPA.**

VENRES 19/04/2018: DATA LÍMITE PARA ENVIAR A FOTO DA TAPA

VENRES 07/09/2018: DATA DE COMEZO DA RUTA

PREZO:


Dous euros a tapa.

HORARIOS

Mañá: 12.00 a 14.00

Tarde: 20.00 a 22.00

\*Se o establecemento quere estender o horario ao da súa cociña que o indique, pero só hai esas dúas opcións para aparecer no folleto, ou ben o horario oficial ou ben horario estendido.

A handwritten signature in blue ink, consisting of several loops and a long horizontal stroke extending to the right.

SILVIA CARBALLO GONZÁLEZ

CONCELLEIRA DE TURISMO E PROMOCIÓN ECONÓMICA